



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS DA ZONA URBAN PARA O APOIO A NOVAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS NA ZONA URBAN (Proxecto 10UR4101 NOVAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS).

O Concello de Lugo está a executar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER-Galicia 2007-2013), cuxo obxectivo é o desenvolvemento integrado do centro histórico da cidade no seu ámbito coincidente coa área PEPRI. O eixe de intervención destinado ao Desenvolvemento do tecido económico no que se encadra esta actuación acollida ao réxime de minimis (Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, DOL Nº 379 de 28/12/2006), contempla o apoio á implantación na zona URBAN de empresas de servizos especialmente nos ámbitos do turismo, a restauración e a hostalaría, o comercio, os oficios de carácter artesanal, os servizos a estas empresas, etc. Dada a situación actual de emprego, sendo este un dos obxectivos do proxecto URBAN que se desenvolve, establécese un límite da axuda á inversión en función do emprego creado, salvo nos casos de traslados de novas empresas dende os viveiros de empresas da cidade. Por outro lado non se limita máis o tipo de actividade económica subvencionada xa que o elenco sinalado se axusta ás permitidas no centro histórico.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ápoiase a creación de novas empresas e a apertura de novos centros de traballo na zona URBAN concedendo financiamento a fondo perdido á inversión nos centros de traballo da zona URBAN sempre que vaia unida á creación de emprego. Ápoiase igualmente o traslado de novas empresas dende os viveiros de empresas da cidade (municipal, da Cámara de Comercio e da CEL), sempre que manteña os postos de traballo ou xeren novo emprego.

2. EMPRESAS BENEFICIARIAS

Poden solicitar esta liña de axudas as pemes (empresa que se axuste á definición de peme da Recomendación da Comisión 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003), independentemente da súa forma xurídica, **que abran un centro de traballo na zona URBAN entre o 1 de xaneiro de 2014 e a data de fin de prazo de xustificación** e estean nunha das situacións seguintes:

2.A.- Empresas (de nova creación ou constituídas previamente) que realicen unha inversión e xeren postos de traballo de duración mínima dun ano no centro de traballo de zona URBAN sempre que supoñan un incremento do número total de traballadores da empresa durante ese período.

2.B.- Empresas con menos de 5 anos que se trasladen a un novo centro de traballo na zona URBAN dende os viveiros do Concello, da Cámara de Comercio ou da CEL e manteñan o nivel de emprego sinalado na resolución da axuda durante un



Esta actuación está incluída na Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN - P.O. FEDER Galicia 2007-2013) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006).

Plan Urban Concello de Lugo. Praza Maior, 1-27001 Lugo Tel.: 982 297 390 Fax: 982 297 266 urban@concellodelugo.org



ano a partir do momento de concesión ou a partir do momento da contratación, en caso de novos empregos.

Para os efectos do cálculo da axuda son computables tanto os traballadores por conta allea como a incorporación de socios traballadores. No caso das empresas contempladas en 2.A e dos novos empregos de 2.B, os novos traballadores deben estar en desemprego dende o 31 de decembro de 2013 (non incluído) ou traballar un máximo de dous meses en 2014, mesmo na empresa solicitante da axuda.

Están excluídas:

- As empresas de sectores excluídos da normativa minimis.
- As empresas que incorran nalgunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

3. FEITO E GASTOS SUBVENCIONABLES

Subvencionaranse os investimentos en activos fixos novos na zona URBAN para a posta en marcha da empresa ou para a instalación dun novo centro de traballo, vinculados á creación de postos de traballo ou ao mantemento do emprego no caso das empresas que proveñen dos viveiros. Os conceptos subvencionables son:

BLOQUE A:

- Maquinaria e ferramenta
- Mobiliario
- Equipos informáticos considerados de sobremesa (nunca os portátiles) para a súa instalación e uso no local para o que se solicita a axuda. En ningún caso se incluírán outros dispositivos móbiles. Financiaranse aplicacións informáticas (propiedade ou licenzas que dan dereito ao uso) directamente vinculadas coa actividade e o desenvolvemento da web corporativa ata un máximo de 4.000 €.
- Outro inmovilizado material destinado ao local, incluíndo rótulos comerciais.

BLOQUE B (agás na Praza e no Mercado onde non se subvencionan obras):

- Compra, construción ou rehabilitación do local, incluíndo a conexión de servizos e os honorarios técnicos, estes últimos cun máximo do 4% do custo de execución material.

BLOQUE C:

- Terreos

4. PARTICULARIDADES SOBRE OS GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN

- Os Bloques B+C terán un importe subvencionable como máximo igual ao de A.
- O Bloque C terá un importe subvencionable como máximo igual ao 10% de A+B+C.



- Inclúense como gasto as licenzas de obras e outras taxas que constitúan un gasto non recuperable sempre que estean vinculadas á execución da inversión, así como todos os gastos que igualmente forman parte do prezo de adquisición do inmovilizado material salvo, no seu caso, os gastos financeiros.
- Non será subvencionable o inmovilizado intanxible (coa excepción das aplicacións informáticas), os elementos de transporte, os bens adquiridos a través de arrendamentos financeiros e os gastos imputables a un exercicio.
- En ningún caso se incluírá o IVE. Non se financiarán os gastos non admitidos pola lexislación comunitaria ou nacional, como os financeiros, recargas, multas, etc. Non se subvencionarán os bens de segunda man.
- Se se considera que algún dos gastos propostos ten un importe maior ao de mercado, axustarase o mesmo á baixa. Esta comparación poderase facer cos prezos doutras ofertas ou solicitando dous novos presupostos de distintas empresas. A oficina URBAN poderá enviar os novos presupostos ao solicitante para o seu coñecemento e elección aínda que o cálculo da axuda se fará sobre o prezo axustado a mercado. No caso de obras, servirán como referencia os que figuran na última Base de Prezos de Construción Galicia do Instituto Tecnolóxico de Galicia e o último catálogo de prezos de rehabilitación publicado pola Consellería de Vivienda e Solo da Xunta de Galicia, así como, se fose necesario, outras bases de prezos con recoñecemento no sector.
- Para a adquisición de inmoables e terreos, é necesaria a valoración dun taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial que certificará que o seu importe non é superior ao de mercado. Non son subvencionables as adquisicións de inmoables e terreos que pertencen ou pertencían dende o 1 de xaneiro de 2007 á empresa solicitante ou a outra entidade directamente vinculada. A vinculación medirase conforme ao establecido no artigo 68 do Real Decreto 887/2006 que aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.
- Os investimentos en inmoables deberán manter o seu uso empresarial durante un período mínimo de cinco anos. Os demais investimentos deberán manterse vinculadas á actividade económica do beneficiario dentro da zona URBAN por un período mínimo de tres anos.
- Todos os gastos subvencionados (facturas e recibos de taxas) e os pagamentos serán de 2014.

5. IMPORTE DA AXUDA

A axuda será do 50% do total de gastos considerados a fondo perdido no caso de microempresas e pequenas empresas, e do 40% no caso de medianas empresas cun límite por posto de traballo creado ou mantido (no caso de traslados de viveiros) a xornada completa cunha duración mínima dun ano de:

- 6.000 € por cada posto ocupado por homes



Esta actuación está incluída na Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN - P.O. FEDER Galicia 2007-2013) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006).

Plan Urban Concello de Lugo. Praza Maior, 1-27001 Lugo Tel.: 982 297 390 Fax: 982 297 266 urban@concellodelugo.org



- 8.000 € por cada posto ocupado por mulleres

Nos casos nos que as/os traballadoras/es proveñan dalgunha actuación formativa promovida no marco do Proxecto URBAN, os importes máximos por posto de traballo incrementaranse en 4.000 €.

No caso de postos de traballo a tempo parcial farase un rateo para o cálculo da axuda máxima.

Cada empresa beneficiaria pode recibir unha axuda máxima para un novo centro de traballo de 15.000 €.

En virtude dos límites impostos pola normativa minimis, a axuda recibida non pode facer que o importe total de axudas deste tipo recibidas durante un período de tres anos sexa superior ao límite de 200.000 €, agás as axudas ás empresas que operan no sector transporte nas que este límite será de 100.000 €.

6. PRESUPOSTO

Prevíronse 120.000 € para esta actuación na aplicación 244.00/770.00 do presuposto municipal de 2014.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do Anexo I dispoñible no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, Rolda da Muralla nº 197 en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres). Presentarase cumprimentado en todos os seus termos no mesmo lugar ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro dende o día seguinte da publicación no BOP ata o 27 de xuño de 2014 e antes, se é o caso, do inicio das obras.

Á devandita solicitude acompañarase orixinal ou orixinal e copia para a súa compulsa de:

- NIF da empresa ou do empresario, en caso de empresa individual.
- En caso de sociedades e outras entidades, NIF do representante e poder.
- Informe de vida laboral das/os promotoras/es que sexan persoas físicas e vaian ser socias/os traballadoras/es.
- TC2 da empresa do mes de decembro de 2013, mes a partir do cal se computará o incremento de postos de traballo. No caso de traslados de empresas dende viveiros, presentarase o TC2 do mes anterior á solicitude de axuda, mes a partir do cal se computará o mantemento de postos de traballo.
- Plan de empresa. No caso de novos centros de traballo ou traslado dende un viveiro cubrirase igualmente adaptado á súa situación e acompañarán as contas anuais aprobadas dos dous últimos exercicios fiscais.
- No caso de obras, título de propiedade ou permiso da propiedade (se non é a



Esta actuación está incluída na Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN - P.O. FEDER Galicia 2007-2013) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006).

Plan Urban Concello de Lugo. Praza Maior, 1-27001 Lugo Tel.: 982 297 390 Fax: 982 297 266 urban@concellodelugo.org



solicitante) para executalas.

- Os seguintes documentos sobre os investimentos:
 - No caso de compra de inmobles ou terreos, valoración realizada por taxador independente, no que figure claramente separado o valor do solo e da edificación.
 - No caso de obras: memoria, presuposto con medicións e prezos unitarios, planos abondos que permitan a perfecta comprensión da intervención: materiais a utilizar, dimensións, acabados, cores, etc.
 - Outros investimentos: presupostos (ou facturas, se xa se teñen) asinados polos provedores. Estará detallado a nivel de custo por unidades e cunha descrición tal que permita a obtención de presupostos doutros provedores para os efectos de comprobar que o seu importe non é superior ao de mercado. No seu caso achegarase tamén a documentación gráfica suficiente, catálogos, fotografías e esbozo para a perfecta comprensión da intervención.
 - Presupostos (ou facturas) doutros gastos e valoración das taxas vinculadas á inversión que constitúen gasto non recuperable.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 euros no suposto de obra, ou de 18.000 euros nos demais casos, o beneficiario presentará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á publicación destas bases.

- Fotografías en formatos dixital e papel do inmoble (exteriores e interiores do local ou oficina) que será sede da actividade, antes do inicio dos investimentos ou instalación.
- No caso de que o/a solicitante opte por non autorizar ao Concello de Lugo a realizar as consultas sobre a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia nos que se certifique tal extremo.

Poderase solicitar toda a información que se considere necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e a correcta valoración da intervención. Dende o Concello comprobarase que a empresa solicitante non ten débedas co Concello de Lugo. Igualmente, no momento da xustificación da subvención, o Concello comprobará que o local está habilitado para o desenvolvemento da actividade.

8. FASES DE RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes de axuda resolveranse nunha única fase tras a finalización do seu prazo de presentación.



9. VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

Unha Comisión de Valoración formada pola Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, a directora e unha técnica do Proxecto URBAN e un axente de emprego, puntuará as solicitudes co fin de realizar unha prelación das mesmas cos seguintes criterios e puntuacións máximas; no caso de ausencia dun dos Concelleiros que integran a Comisión, este será substituído pola Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua:

- Viabilidade: tendo en conta o coñecemento do sector e as posibilidades de negocio que ofrece na zona baseadas nun correcto coñecemento do mercado, a dedicación dos promotores, a adecuación do montante de inversión proposta en relación coa actividade e o financiamento previsto.
.....Ata 50 puntos.
- Lugar do novo centro de traballo.....Ata 50 puntos.
 - Praza de Abastos/Mercado: 50 puntos.
 - Local comercial ocupando planta baixa visible dende a vía pública: 20 puntos.
 - Outros locais (en locais interiores de galerías ou plantas altas): 10 puntos.
- Participación dunha empresa con máis de 5 anos como socia promotora cunha participación entre o 20 e o 49%.....30 puntos.
- Traslado dun viveiro de empresas20 puntos.

No caso de que haxa que desestimar solicitudes por falta de presuposto, incluírase na resolución unha relación de solicitudes que cumpren todos os requisitos, ordenadas para os efectos da concesión para que, en caso de renuncia dalgunha das empresas beneficiarias, poder acordar a concesión as solicitantes seguintes, segundo o previsto no artigo 63 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo. Se hai presuposto suficiente para atender todas as solicitudes, non será necesario realizar a súa prelación, aínda que se fará a valoración do criterio de viabilidade desbotando as solicitudes que non obteñan unha puntuación mínima de 25 puntos.

Se por falta de crédito unha das solicitudes se puidese atender só nunha parte, deberá xustificar unha inversión mínima axustada á baixa á porcentaxe de axuda concedida, o cal se comunicará coa concesión.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos seis meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da correspondente fase, entenderanse denegadas, sen prexuízo



da obriga expresa de resolver que o artigo 42.1 da Lei 30/1992 atribúe á Administración.

Tal como sinala o artigo 29.4 da ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo, para as subvencións tramitadas en réxime de concorrencia "A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa".

10. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA AXUDA

Para a xustificación da axuda, ata o 23 de decembro de 2014, a empresa beneficiaria presentará nos mesmos lugares sinalados para a solicitude, o Anexo II de xustificación e orixinais ou orixinais e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

- Declaración censal de alta da actividade no local da zona URBAN entre o 1 de xaneiro de 2014 e a data de finalización do prazo de xustificación ante a Axencia Tributaria.
- Facturas conformadas pola empresa beneficiaria acompañadas, no caso de obras, da certificación (relación valorada) dos traballos realizados ou referencia ao presuposto aceptado se non hai ningunha variación.
- Xustificante de pagamento de gastos admitidos por un importe, polo menos, igual ao da inversión a xustificar con data anterior á de finalización do prazo de xustificación da axuda (**XUSTIFICANTE BANCARIO NO QUE ESTEA PERFECTAMENTE IDENTIFICADA A TRANSACIÓN**). Non se admitirán pagamentos por caixa, salvo nos pagamentos de licenzas e taxas. Poderase propoñer o endoso da axuda a favor dunha empresa provedora polo importe máximo do gasto subvencionado en cada factura. Se se acepta, tanto polo provedor coma polo Concello, non será necesaria a presentación de xustificantes de pagamento da parte endosada. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria.
- Fotografías en formatos dixital e papel do local unha vez iniciada a actividade e outras nas que se poida comprobar que se cumpriron as medidas de publicidade sinaladas nestas Bases.
- No seu caso, xustificante do correcto tratamento dos residuos (reutilización, entrega a empresa autorizada de tratamento, declaración da empresa provedora con detalle das empresas ás que fai a entrega, punto limpo, etc).
- Os seguintes documentos dende a contratación dos traballadores con destino ao centro de traballo en zona URBAN ou a incorporación de socios traballadores (en cada caso os que corresponda):
 - TC2 e recibos de autónomos mensuais selados pola entidade financeira.
 - Contratos, recibos de nóminas mensuais e informes de vida laboral a data da xustificación dos traballadores que computan para a axuda.





- No caso de traslado de empresas dende os viveiros: TC2, recibos de autónomos e nóminas mensuais dende o mes de concesión da axuda.
- Certificado emitido pola entidade bancaria onde figuren os datos da conta designada pola beneficiaria para o ingreso da axuda.

As facturas e recibos de licenzas e taxas orixinais devolveranse estampilladas con indicación do importe subvencionado en cada gasto.

Nos casos de obras, o Concello comprobará que ten autorizada licenza de obra e que a intervención realizada se axusta á licenza concedida, tanto polo presuposto declarado coma polo contido da intervención. Así mesmo se realizará unha comprobación previa in situ da realidade da inversión declarada.

En caso de que o importe de gasto ou pagamento xustificado ou os postos de traballo creados ou mantidos (no caso de traslados de viveiros) sexan menores aos valorados na solicitude, a axuda axustarase á baixa tendo en conta os novos datos. No seu caso, pódese someter a xuízo da Comisión de Valoración se procede propoñer a perda de dereito ao cobramento da axuda por incumprimento da finalidade.

Igualmente, no momento da xustificación da subvención, o Concello comprobará que o local está habilitado para o desenvolvemento da actividade.

Considérase que se perdeu o dereito ao cobramento da axuda se o local non está habilitado para o desenvolvemento da actividade dentro do prazo de xustificación ou se comproba que a actividade non se está a desenvolver. O cumprimento das medidas de publicidade e o correcto tratamento dos residuos é requisito indispensable para o mantemento da axuda.

11. SUBCONTRATACIÓN

Pola natureza da actividade subvencionada está permitida a subcontratación do 100% desta. Cando o importe dos gastos subvencionables a subcontratar cun contratista sexa superior a 60.000 €, o contrato será celebrado por escrito e debe estar autorizado polo Concello. A autorización realizarase no momento de concesión da axuda se se presentase coa solicitude. Noutro caso, será a oficina do Proxecto URBAN quen o examine e, no prazo de 10 días a partir da presentación, manifieste que non hai reparos para os efectos da subvención ou sinala as cuestións que afectan a esta. Esta comunicación pódese realizar igualmente por medios electrónicos. No caso de persoas ou entidades proveedoras vinculadas coa/o beneficiaria/o, segundo os casos recollidos no artigo 68 do Real Decreto 887/2006, estes gastos só serán subvencionables cando se realicen de acordo coas condicións de mercado e se autorice no momento da concesión da axuda. Para iso a/o solicitante debe facilitar a información e pedir a autorización no momento da solicitude de axuda.



12. PUBLICIDADE DA AXUDA RECIBIDA

A empresa beneficiaria deberá realizar as seguintes medidas de publicidade:

- No caso de obras, colocará nun lugar visible dende a vía pública unha lona informativa cos logotipos das entidades que participan e a referencia á intervención.
- En todos os casos se colocará nun lugar visible da fachada (cristal do escaparate, porta ou outro lugar o máis visible posible dende a rúa) ata a finalización do Proxecto URBAN un adhesivo alusivo ao financiamento obtido que non terá unha dimensión superior a 15 cm x 15 cm.

No caso de oficinas en pisos e locais en galerías ou na Praza de Abastos, deberá colocar o adhesivo sobre a porta ou no lugar de acceso ao seu local ou oficina ou nunha placa xunto a este. Se non tivese ningún oco visible dende a vía pública, non estará obrigado a colocar lona de obra.

Tanto as lonas de obra como os adhesivos serán facilitadas pola Oficina URBAN. A empresa beneficiaria asume a obriga e o custo da instalación.

Ao obxecto do cumprimento tanto da normativa nacional coma da comunitaria, farase a máxima difusión dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas, entre os que o Concello, en aplicación da lexislación nacional sobre subvencións, publicará na web (www.lugo.es/urban) e no Boletín da Provincia a relación das axudas concedidas. Ademais destas listas públicas de beneficiarios, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, como Autoridade de Xestión do FEDER en España, utilizará esa información para elaborar novas listas públicas incluíndo todos os beneficiarios do FEDER en España.

13. COMPATIBILIDADE, SEGUIMENTO E CONTROL DAS AXUDAS CONCEDIDAS

- Esta liña de axuda é incompatible coas axudas a locais de negocio igualmente convocadas polo Proxecto URBAN do Concello de Lugo e compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non faga que se superen os límites sinalados pola lexislación nacional ou comunitaria. Para estes efectos, dende a Oficina URBAN do Concello de Lugo realizárase o seguimento das axudas de minimis dos últimos tres anos para o cal, ademais da declaración realizada pola persoa solicitante, podería facer as consultas de comprobación que estime oportunas con outras administracións. Tamén se asegurará de que as subvencións recibidas para os mesmos gastos non teñan outra contribución comunitaria.
- As empresas beneficiarias deben realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións sinalados nas bases e someterse ás actuacións de comprobación, segundo o expresado no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e a normativa comunitaria, tales como realizar



Esta actuación está incluída na Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN - P.O. FEDER Galicia 2007-2013) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006).

Plan Urban Concello de Lugo. Praza Maior, 1-27001 Lugo Tel.: 982 297 390 Fax: 982 297 266 urban@concellodelugo.org



as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións sinalados nas bases, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, someterse ás actuacións de comprobación, etc. A obriga de conservación de documentación mantense ata tres anos despois do peche do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, en aplicación da normativa comunitaria.

- A Dirección do Proxecto URBAN do Concello de Lugo por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e solicitar os documentos necesarios en calquera momento do procedemento para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas pola presente convocatoria.
- Se unha vez pagada a axuda se observase algún incumprimento, requirirase a empresa beneficiaria o importe indebidamente cobrado máis os intereses legais devengados e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo a consideración de ingreso de dereito público (art. 38 da Lei 38/2003).

14. COMPROBACIÓN DO MANTEMENTO DO EMPREGO

No prazo dun mes contado a partir da finalización do período dun ano de cumprimento das contratacións (ou da concesión de axuda no caso de traslados dende viveiros) achegarase á oficina URBAN a seguinte información para xustificar o mantemento dos postos de traballo: TC2 da empresa de todos os meses dende o último presentado para a xustificación da axuda e recibos de autónomos, recibos mensuais de nóminas dos traballadores incorporados no centro de traballo da zona URBAN e os seus informes de vida laboral. É posible a substitución dalgunha/o das/os traballadoras/es novas/os no centro de traballo da zona URBAN por outras/os que cumpran o requisito de estar en desemprego dende o 31 de decembro de 2013 (ou nese período traballaran como máximo un terzo do tempo transcorrido) sen perda da axuda, sempre que non transcorran máis de 15 días dende a baixa dun traballador ata a alta do seguinte. Nese caso achegaríanse os contratos, informes de vida laboral e nóminas destes. En caso de que varíen as circunstancias sinaladas no punto 5 procedería a reclamación da parte da axuda recibida de forma indebida, aplicando o sinalado na Base 13.

Asdo. Sonia Méndez García
Tta. de Alcalde Delegada da
Área de Economía, Emprendemento,
Autónomos e Educación